

Documento distribuído por
Álbum de mulleres

A xeito de limiar.

Ofelia Nieto

Antón de Santiago, novembro de 2017



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

A xeito de limiar. Ofelia Nieto

Antón de Santiago (2017)

A única biografía publicada a día de hoxe de Ofelia Nieto é:

SANTIAGO, Antón de: *Ofelia Nieto. Una gallega en el olimpo del belcanto*, Biblioteca Gallega/LaVoz de Galicia en coedición co Consorcio de Santiago, 1994. Se cadra chegou o momento de que se faga unha reedición do libro acompañado de gravacións debidamente remasterizadas.

Eu sabía de Ofelia Nieto, porque na Coruña, após de finar ela aos 31 anos, creouse na cidade una Agrupación Lírica que levaba o seu nome. Alí se coñeceron os meus pais e sempre falaban da agrupación. Ela cantaba roles protagonistas e meu pai era corista; o meu avó era o secretario. Souben máis adiante, cando estudei canto coa soprano coruñesa María Luisa Nache, da súa relación con esa familia, por ter estudado con Ángeles Ottein (Nieto ao revés e italianizado), irmá de Ofelia. E din de cheo con ela cando ingresei na Escuela Superior de Canto de Madrid para estudar, por recomendación de Nache, con Marimí del Pozo (María Milagros Rodríguez Nieto), sobriña de Ofelia e de Ángeles, e filla de Ramona, a irmá mediana.

A directora da Escuela, Lola Rodríguez Aragón, decidiu rescatar un cadro dun retrato de Ofelia que tiñan medio esquecido. Invitado á inauguración, pregunteille a Marimí se había algunha biografía dela. Dixo que non; de aí saíu a idea de que a fixera eu.

Fontes empregadas:

A máis dunha abondosa documentación escrita da súa carreira artística, tiven unha longa conversa con Ramona, documento importante xa que contaba as andainas infantís das irmás, de xeito especial de Ofelia, que debutara aos 14 anos, xa que logo sendo unha nena, co rol principal de 'Maruxa' de Amadeo Vives, no Teatro de la Zarzuela, en 1914.

Nesa conversa, que teño gravada, dime Ramona que Ofelia naceu o 18 de marzo de 1900 en Santiago de Compostela, malia que a familia vivía en Algete, onde o pai, José Nieto (o Nietiño de La casa de la Troya) era notario. Ademais, Ofelia sempre presumía de ter estreado 'Maruxa' no papel titular ¡aos 14 anos!, e de debutar no Teatro Real naquel mesmo ano, o 1914; se ela mesma o di e repite ao longo da súa vida, non ofrece dúbida.

¿Vivía enganada verbo da súa idade? ¿Tamén a familia?

En 1994 publicouse, como xa se indicou, a única biografía de Ofelia escrita ata o de agora. E xa todos veña a presumir de Ofelia Nieto. Os de Algete porque dicían que nacera alí e os de Sevilla porque casara cun sevillano, pasou a vivir alí e lle fixeran unha glorieta no Parque de María Luisa.

Certo que os de Algete presentan, a toro pasado, documentación que cita o ano 1898 nunha partida de nacemento e nunha fe de bautismo. A explicación que me da Ramona é que, sendo xa a terceira xestación (Angeles era a maior e Ramona a segunda), coidaron que ía ser un neno e pensaron que estaría ben que nacesse en Santiago, a cidade de referencia para a familia. Erundina marchou á cidade do apóstolo, deu a luz, e logo José Nieto, polas obrigas de ser o Notario e unha das forzas vivas da vila, inscribiuna no rexistro de Algete. Polo que atinxe ao bautismo, desde a data de nacemento, o 18 de marzo, houbo tempo para levar á nena e bautizala na vila algeteña o 4 de abril. Ao fin o pai quedara alí agardando.

Aquí o choque está na data que figura nos documentos devanditos e as afirmacións de Ramona quen subscribe que naceu en 1900 e a da propia Ofelia que estreara 'Maruxa' aos 14 anos. A tal estrea fíxose incontestadamente en 1914. Os de Algete fan ben en tentar corrixir, pero é menos doado aceptar que por iso nacera necesariamente onde vivía a familia. O cordón umbilical do grupo estaba cinxido á cidade de Santiago de Compostela.

A cuestión é que, chegados a este punto, bebíase da única biografía de Ofelia, a asinada por min, mais non a citaban, agás para atacar con acritude os posibles erros, se o fosen. Tampouco as voces provintes de Sevilla. E nin sequera a Wikipedia que, a pesar de citar o meu libro: *Ofelia Nieto. Una gallega en el olimpo del belcanto* nas referencia bibliograficas, empeza afirmando que naceu en 1895, e ten outros erros.

Sinto ter que me expresar así diante dun ninguneo tan descarado verbo de tan exhaustivo traballo.

